

*ORDE do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2019, en réxime de concorrència non competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a **asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.***

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190102/AnuncioG0244-211218-0009_gl.html

Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as **asociacións de veciños**, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, **comunidades de usuarios de augas** debidamente inscritas no rexistro público correspondente e **asociacións de mulleres rurais de Galicia**.

AXUDAS para a realización de investimentos, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso, camiños veciñais e traídas de auga veciñais, coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación básica de réxime local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

A **axuda económica** que se conceda poderá acadar a totalidade do investimento realizado **cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para dotación de equipamentos**, ata o esgotamento do crédito a que se refire o punto anterior.

Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teña un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles vinculados a acadar una eficaz prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación de réxime local e mellora da vida local nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídos os camiños veciñais e as traídas de auga xestionadas polas comunidades de usuarios de augas.

PRAZO ATA 4/02/2019

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR487A>